



Concello de Viveiro

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

SESION EXTRAORDINARIA-URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, CORRESPONDENTE AO DÍA NOVE DE NOVEMBRO DE 2016

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCIA
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ
D. EMILIO VILLARMEA MENDEZ

INTERVENTOR:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA XERAL:

D^a. MARILUZ Balsa RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 14:00 do día 9 de novembro de 2016, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D^a. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión extraordinaria-urxente da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros, D^a. Lara Frenández Fernández-Noriega, D^a. María Isabel Rodríguez López.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo.

1.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

A urxencia da sesión fundaméntase pola Alcaldesa no escaso prazo para a xustificación da subvención referente ao expte. 984/2016. Por unanimidade dos presentes procédese á ratificación da urxencia da sesión.

2.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 984/2016.- APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte, no treito entre a rúa Luis Trelles e Praza Juan Donapetry”.

Visto o Plan de Seguridade e Saúde presentado por CARFERLO, S.L. referente á obra “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte, no treito entre a rúa Luis Trelles e Praza Juan Donapetry”.

Visto o informe favorable a este Plan de Seguridade e Saúde emitido polo inxeñeiro técnico industrial, D. Óscar Roibás López. Consta declaración responsable de dito técnico, en calidade de coordinador de seguridade e saúde da referida obra, na que se declara a súa condición de técnico externo á empresa adxudicataria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Prestar aprobación ó Plan de Seguridade e Saúde presentado por CARFERLO, S.L., referente á obra “Pavimentación e servizos na rúa Irmáns Vilar Ponte, no treito entre a rúa Luis Trelles e Praza Juan Donapetry”.

Segundo.- Notificar este acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación ó interesado.”

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:15 horas do día 9 de novembro de 2016, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.